



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL, PARA A XESTIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL CENTRAL DE FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio co Concello de Ferrol, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Por parte do Concello de Ferrol:

Proporcionar os servizos bibliotecarios adecuados para o cumprimento das funcións dunha biblioteca de ámbito territorial, tal e como se establece na normativa vixente en materia de bibliotecas (artigo 14 da Lei de Bibliotecas de Galicia).

A adquisición de fondos bibliográficos e documentais que sirvan para actualizar e diversificar a súa colección en todas as seccións, en especial aquelas de maior demanda por parte dos usuarios e usuarias e aquelas inexistentes en bibliotecas de ámbito inferior.

Realizar actividades de dinamización bibliotecaria e documental destinadas a todos os públicos e ao longo de todo o ano natural.

Por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

Dotar á biblioteca dos medios económicos que lle permitan ampliar, actualizar e diversificar a súa colección bibliográfica e documental.

Dotar á biblioteca de medios económicos para a mellora das súas actividades de dinamización bibliotecaria e lectora.





Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Biblioteca Municipal Central de Ferrol achega servizos bibliotecarios a máis de 70.000 habitantes. Na actualidade presta todos os servizos que a Lei de Bibliotecas de Galicia lle asigna a unha biblioteca coa tipoloxía de biblioteca central territorial, aínda que deberá ser o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia o que lle asigne formalmente esta categoría.

Que ambas as administracións, asumindo as responsabilidades que legalmente lles corresponden na creación de recursos de lectura pública, consideran oportuno e de interese público xuntar esforzos e colaborar para garantir o acceso da cidadanía a un servizo bibliotecario público de calidade na cidade de Ferrol e a súa área de influencia nas mellores condicións técnicas posibles. A Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia crea a rede de bibliotecas públicas de Galicia, que se estrutura nunha serie de tipos de bibliotecas e de servizos bibliotecarios. O mapa de bibliotecas públicas de Galicia determinará, en función de criterios obxectivos, os tipos aos que se adscribe cada biblioteca da rede (artigo 13).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

(asinado dixitalmente)

